

**BASES DO
CONCURSO DE INTERVENCIÓNS EFÍMERAS NOS BARRIOS "A RÚA É TUA"**

O Concello de Ferrol, a través da Concellería de Mobilidade e de Participación Cidadá, organiza un concurso de ocupación do espazo urbano a través de intervencións de carácter efímeras, en cada un dos barrios da cidade, para favorecer a recuperación dos lugares públicos. Co gallo da semana da mobilidade europea preténdese convidar á veciñanza a recuperar o espazo público, así como as rúas dos seus barrios. O dito concurso rexerese polas seguintes Bases:

Base 1.- OBXECTIVO

O obxectivo deste concurso é implicar á cidadanía na participación da mellora do espazo público a través dunha intervención de carácter efímera e que teña en conta os criterios de sustentabilidade, mellora da mobilidade, integración urbana e participación da cidadanía e dos veciños e veciñas dos barrios.

Base 2.- REQUISITOS

Poderán participar no concurso calquera das entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol.

Cada entidade que participe no concurso soamente poderá presentar como máximo unha proposta de intervención.

Base 3.- ESPAZOS A INTERVIR

Serán elixidos pola entidade participante en función da proposta de intervención efímera no espazo público.

Unha vez presentadas as propostas polas entidades participantes que cumpran cos requisitos recollidos nestas bases, o Concello de Ferrol autorizará o lugar indicado pola entidade para realizar a súa intervención no espazo público.

En todo caso, o lugar elixido dentro do barrio terá que ser axeitado para a realización das distintas intervencións que sexan propostas polas distintas entidades.

Base 4.- SOLICITUDES DE INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN

As entidades interesadas deberán presentar a solicitude de inscrición no concurso mediante o modelo que figura como Anexo I, asinada polo/a representante da entidade. O/A representante deberá ser designado/a pola entidade nunha reunión da xunta directiva onde se acorde a participación no concurso.

O modelo de solicitude de inscrición (Anexo I) estará a disposición das entidades interesadas nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello ou tamén no taboleiro de anuncios da sede electrónica da web municipal www.ferrol.gal.

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL

Ferrol, 27 AGO 2018

O SECRETARIO XERAL

Concello de Ferrol
SECRETARÍA XERAL

A solicitude de inscrición deberá presentarse xunto coa seguinte documentación:

- Certificación do acordo de participación no concurso e do nomeamento do/a representante da entidade.
- Fotocopia do DNI do/a representante da entidade.
- Breve descrición da proposta de intervención no eido urbano.
- Localización dentro do barrio da intervención efímera.

A solicitude de inscrición xunto coa documentación requirida deberá ser presentada en sobre pechado onde conste no exterior a denominación do concurso.

Base 5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE INSCRICIÓN

As solicitudes de inscrición acompañadas da documentación requirida poderán presentarse nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello ou en calquera outros rexistros ou oficinas ás que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes de inscrición no concurso será do 3 ó 15 de setembro de 2018, ambos os dous incluídos.

Base 6.- TEMÁTICA E TIPOS DE INTERVENCIÓN

Os tipos de intervención poderán ter distintos enfoques tanto de carácter musical, deportiva, artística ou de calquera outro eido.

As devanditas actuacións no espazo urbano deberán ser de carácter efímero.

Cada entidade que participe no concurso soamente poderá presentar como máximo unha proposta de intervención.

A temática aínda que é libre deberá ser coherente coa filosofía do concurso respecto ó fomento dunha mobilidade sostible e a recuperación dos espazos peonís na cidade e deberá facer referencia a todos ou algúns dos seguintes aspectos:

- Que fomente a mobilidade sostible e respectuosa co medio ambiente.
- A diminución do uso/abuso do vehículo privado e o fomento de formas de desprazamento alternativos e máis saudables e eficientes dende o punto de vista ambiental.
- Mellora da accesibilidade para a mellora da cohesión social, favorecendo unha mellora das persoas con mobilidade reducida e diversidade funcional.
- Promoción dos espazos urbanos e dos espazos públicos como elementos dinamizadores da vida nos barrios.

Base 7.- PREMIOS

As tres propostas gañadoras premiaranse cun investimento do Concello de Ferrol na mellora do barrio que será indicada polas entidades premiadas, que se levará a cabo logo da redacción dunha memoria valorada ou proxecto segundo sexa necesario, realizada pola área de Urbanismo do

Concello de Ferrol.

A contía dos premios será a seguinte:

- Primeiro premio dotado de 20 000 €.
- Segundo premio dotado de 10 000 €.
- Terceiro premio dotado de 5 000 €.

Base 8.- XURADO

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes de inscrición darase a coñecer o xurado que terá a seguinte composición:

- Presidenta: A concelleira delegada da área de Urbanismo, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación.
- Un/Unha representante de cada grupo municipal.
- Un/Unha representante designado/a polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia especialista na xestión do espazo público.
- Un/unha técnico/a de Urbanismo.
- Un/unha funcionario/a de carreira do Concello de Ferrol que actuará como secretario/a con voz e sen voto.

Base 9.- RESOLUCIÓN

A resolución do xurado será por maioría simple dos seus membros e deberá ser razoada e baseada nos criterios de cumprimento de obxectivos, adecuación aos criterios sinalados con anterioridade, así como da temática relacionada coa mobilidade sostible.

A acta da resolución do concurso publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica da web do Concello www.ferrol.gal cos nomes das propostas gañadoras e, ademais, comunicarase directamente ás entidades premiadas.

Unha vez dada a resolución do concurso procederase a iniciar o proceso para a realización dos proxectos e actuacións indicadas polas entidades gañadoras en base ás contías dos premios.

Bse 10.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso implica a aceptación de todo o recollido nestas bases.

Base 11.- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos da solicitude de inscrición usaranse exclusivamente para este concurso. Segundo a Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, o Concello incorporará os datos a un ficheiro que se utilizará para os fins deste concurso e non se cederá a ningún terceiro, agás por obriga legal e a outras administracións públicas destinatarias do tratamento. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición deberán dirixirse por escrito ó rexistro de entrada do Concello de Ferrol, Praza de Armas s/n, 15402, Ferrol.

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL

2 MAR 2018

SECRETARÍA XERAL

